



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

27 de febreiro de 2025

Duración:

Desde las 12:25 hasta las 14:35

Lugar:

Casa Consistorial

Presidida por:

JOSÉ PARDO LOMBAO

Secretario:

Cristina Castro Fuentes

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila (BNG)	SÍ
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ (PP)	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO (PP)	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García (PP)	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín (PP)	SÍ
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ (PP)	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR (BNG)	NON
36071720S	María del Carmen Acacio López (PSOE)	SÍ





33321284B	María Begoña Seco Varela (PP)	SÍ
33329706S	María José Martínez Vigo (PP)	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao (PP)	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas (PP)	SÍ
33307083R	Xosé Ferreiro Fernández (BNG)	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. MIGUEL VIEITO VILLAR:

«motivos persoais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Os membros do Pleno da Corporación aproban, por unanimidade, a acta da sesión anterior de 26 de decembro de 2024.

MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA TAXA DE 100 € INDEBIDAMENTE COBRADA E DERROGACIÓN DAS ORDENANZAS NAS QUE SE BASEAN

Desfavorable	Tipo de votación: ordinaria (9 en contra PP, 2 a favor BNGe 1 abstención PSOE)
---------------------	--

Intervén o concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro para defender a moción presentada, que se copia:

”MOCIÓN RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA TAXA DE 100 € INDEBIDAMENTE COBRADA E DERROGACIÓN DAS ORDENANZAS NAS QUE SE BASEAN EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai tres anos, cada certo tempo un grupo de veciñas e veciños de Outeiro están a recibir unha comunicación do concello onde se lles di que teñan que proceder á limpeza de distintas parcelas da súa propiedade, así como á tala dalgunhas plantacións que,





presuntamente, non se axustan á normativa de xestión de biomasa e prevención de incendios. As notificacións lévaas enviando o Concello de forma indiscriminada á veciñanza, sen ningunha comprobación previa do estado das parcelas por parte de funcionarios do Concello, cuestión que queda ben clara cando se observa que nese listado hai moitas fincas que nunca estiveron sen limpar, que non teñen especies ilegais ou ben, máis frecuentemente aínda, que levan xa moito tempo limpas ou coas árbores en cuestión cortadas.

Nesas mesmas notificacións, o concello xíralle ás persoas afectadas unha taxa de 100 €, a ingresar na propia conta do concello, pola simple comunicación do feito denunciado, non pola presunta infracción en si, que no caso das cartas que se mandaron nos últimos tempos, xa transcorreron tres anos dende esa denuncia. Este cobro por parte do Concello preténdese realizar en base á “Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Elaboración ou Reprodución de Documentos a Instancia de Parte e Tramitación de determinados Expedientes Urbanísticos e de Xestión da Biomasa”.

Resulta curioso observar que mentres que a Xunta só avisa do problema e dá un prazo para a súa subsanación, sen sanción algunha, o Concello xa intenta cobrar 100€ pola comunicación sen realizar traballo algún, sen dar posibilidade de fraccionamento ou aprazamento e insistindo, de xeito destacado e en negriña, na posibilidade de sanción se non se paga.

Dende o BNG cremos que sería correcto comunicar inmediatamente ás persoas afectadas a situación denunciada, dado que algunha si podería incumprir coa normativa vixente e tamén podería representar un perigo en caso de incendio, pero baixo ningún concepto se lle poden cobrar eses 100€ por unha simple comunicación.

Esta posición está perfectamente argumentada, baseándose, entre outros, nos seguintes razoamentos:

1. A situación presuntamente irregular produciuse hai xa tres anos, sendo moi posible que, de ser sancionables estes feitos, estes estean xa prescritos ou a situación denunciada corrixida, polo que resulta completamente ridículo comunicalo agora e, moito menos, cobrar 100 € por esa comunicación.

2. Non é de aplicación da ordenanza esgrimida polo Concello para o cobro, pois segundo din os seus propios artigos:

- O custe de mandar unha simple carta de tres páxinas non se achega nin de lonxe á cantidade cobrada, non tendo feito o Concello ningún outro traballo con relación a esta cuestión máis aló da comunicación desa denuncia.
- O envío desta comunicación non se corresponde con algunha solicitude de servizo ou copia dalgún expediente que solicitase previamente a persoa receptora.\

- Entre os casos polos que se poderían cobrar eses 100 € non están contemplados en ningún momento a comunicación dunha infracción por parte doutra administración como suposto para o cobro desa cantidade.

Todo o anterior indica claramente que esta taxa de 100 € é completamente irregular, extemporánea, non se corresponde co traballo que puido facer o Concello e non ten ningunha base legal ou ordenanza que se poida utilizar para xustificar o seu cobro, polo





que en ningún caso se debera ter cobrada, tal e como se lles recoñeceu ás persoas que se atreveron a recorrela.

Por todo isto o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde e Equipo de Goberno, segundo proceda, a paralizar a comunicación e cobro da taxa de 100 € pola comunicación á veciñanza das presuntas infraccións detectadas por axentes da Xunta en anos anteriores e que se están a comunicar nos últimos tempos.
 - Que debido a irregularidade do cobro desa taxa, se proceda á devolución inmediata dos devanditos 100 euros a todas as persoas que pagaron esta taxa por este motivo nestes tres últimos anos.
- Que dado o uso irregular que se está a facer delas e dadas as múltiples deficiencias que presentan, se proceda de forma urxente a derrogar ou facerlles unha profunda reformulación a “Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Elaboración ou Reprodución de Documentos a Instancia de Parte e Tramitación de determinados Expedientes Urbanísticos e de Xestión da Biomasa” e a “Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Realización de Actuacións de Xestión da Biomasa”

Dase lectura ao informe xurídico aportado pola Secretaría tras petición da alcaldía, que se copia:

Emítese informe xurídico, solicitado pola alcaldía, relativo á moción do BNG sobre Devolución de taxa de 100 euros indebidamente cobrada e derogación das ordenanzas nas que se basea.

INFORME XURÍDICO:

Cristina Castro Fuentes, secretaria do Concello de Outeiro de Rei, informo:

O venres 7 de febreiro de 2025 presentouse no rexistro municipal unha moción do BNG relativa á devolución da taxa de 100 euros indebidamente cobrada e derogación das ordenanzas nas que se basea.

A xestión da biomasa neste concello é unha materia asignada á secretaría municipal. Dende este departamento trátanse os expedientes seguindo sempre de forma literal o disposto no artigo 22 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia aprobada polo goberno bipartito da Xunta no ano 2007.





Esta lei prohibe que en solo urbano, urbanizable, núcleo rural e nunha franxa de 50 metros ao redor de edificacións en solo rústico existan plantacións das especies arbóreas enumeradas na Disposición Adicional 3ª da propia Lei e prohibe igualmente que exista neses tipos de solo unha incorrecta xestión da biomasa vexetal que puidese causar perigo de incendios.

Certamente é imprescindible adoptar todas as medidas necesarias por unha administración para evitar os incendios, aínda que neste Concello de Outeiro de Rei son numerosísimas as denuncias presentadas pola falta de dilixencia dos propietarios das parcelas.

A obrigación da xestión da biomasa non é unha responsabilidade municipal, nin un servizo público: É unha obrigación e unha responsabilidade que teñen que asumir os propietarios das parcelas. Agora ben, cando os propietarios non cumpren coas súas obrigacións e existe perigo de incendios, os afectados por estes incumprimentos acoden ao concello para poñer as pertinentes denuncias e que o concello abra o correspondente expediente, e leve a cabo a comunicación do artigo 22 da lei 3/2007.

Di así este artigo:

2. No suposto de incumprimento da obrigación establecida no número anterior, a administración pública competente, de oficio ou a solicitude de persoa interesada, poderá enviar á persoa responsable unha comunicación na que se lle lembrará a súa obrigación legal de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, e concederáselle para facelo un prazo máximo de quince días naturais, ou de tres meses no caso das faixas laterais das vías de comunicación, contado desde a recepción da comunicación.

Esta comunicación incluírá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido este prazo, poderanse impoñer multas coercitivas reiteradas cada tres meses, cuxa contía será de 900 euros por hectárea de superficie de parcela non xestionada, ou a parte proporcional se a área fose inferior, mentres persista o incumprimento, ou ben proceder á execución subsidiaria a través da realización pola administración das actuacións materiais necesarias, con repercusión dos custos de xestión da biomasa e, no seu caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola administración, nas condicións establecidas neste precepto.

En todo caso, a contía mínima a impoñer por multa coercitiva será de 100 euros con independencia das hectáreas que integren a superficie da parcela non xestionada.(...)

A tal fin, na comunicación indicada informarase de que a falta de cumprimento das obrigacións indicadas é constitutiva de infracción administrativa, polo que dará lugar ao comezo do procedemento sancionador que corresponda, no que poderán adoptarse medidas de carácter provisional consistentes en traballos preventivos de xestión da biomasa e





retirada de especies arbóreas co obxecto de evitar os incendios forestais e comiso das indicadas especies.

A persoa responsable que reciba a comunicación e apercibimento terá a obrigaón de poñer en coñecemento do órgano requirente o inicio e a realización dos traballos de xestión. En ausencia da indicada comunicación, a administración poderá considerar os traballos como non realizados mentres non conste proba en contrario.

Así pois, co inicio do expediente de xestión de biomasa acompáñase a obrigaón de pagar unha taxa de 100 euros por parte do propietario denunciado que actúa de forma negligente, incumprindo as súas obrigaóns e causando risco de incendios. E isto é así porque existe unha Ordenanza fiscal que así o regula. É unha taxa pola tramitación dun expediente, do mesmo xeito que existen múltiples taxas en todas as administracións por elaborar expedientes ou expedir documentos, como por exemplo a de renovación do pasaporte. Secasi non existen taxas por outros servizos como por exemplo participar en procesos selectivos, pero si existen as que están reguladas nas Ordenanzas Fiscais aprobadas polo pleno do Concello de Outeiro de Rei.

Ao carecer esta administración de inspectores forestais, actúase sempre por denuncia interposta ben por particulares (que adoitan ser lindeiros) ou polas denuncias dos axentes forestais da Xunta de Galicia- Medio Rural.

A comunicación de curta non é un expediente sancionador, por ese motivo é absolutamente indiferente que a denuncia se efectuase nunha data ou outra. A realidade é que é tan alto o volume de denuncias e supón unha carga de traballo tan ampla, que se tivo que crear unha praza a maiores de auxiliar administrativo para poder axudar con estes expedientes e tentar poñelos ao día.

En todo caso, son practicamente inexistentes os expedientes sancionadores abertos, pois as persoas que reciben a comunicación adoitan ser responsables e cortar, e de habelos, antes de iniciar o sancionador, si se comproba a situación da parcela por unha segunda vez.

Cando as denuncias proceden dos axentes inspectores da Xunta de Galicia e tramítanse todos os expedientes e os propietarios afectados reciben as súas cartas, se se trata dun erro na denuncia, no momento en que o propietario en cuestión pon esa información en poder desta administración, inmediatamente arquívase o expediente.

Non hai un só veciño que recibise a comunicación e que comunicase ao Concello que se trata dun erro por ter xa limpa a parcela ou ser a súa plantación legal e que se lle cobrara a taxa. Sempre se arquiva sen cobranza de taxa.

En relación á cobranza da taxa.





Non acerta esta Secretaría a entender por qué se considera o cobro desta taxa ilegal ou irregular nin por qué se citan na moción artigos da Ordenanza Fiscal nº 6 Reguladora de taxa por elaboración ou reprodución de Documentos a Instancia de Parte e Tramitación de determinados expedientes urbanísticos de Xestión de Biomasa.

En ningún caso trátase desa Ordenanza Fiscal. Ahí non se regula esta taxa

A taxa de 100 euros está regulada na Ordenanza Fiscal nº 19, ORDENANZA FISCAL REGULADORA DÁ TAXA POR REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE XESTIÓN DA BIOMASA cuxo feito impoñible é a tramitación de expedientes de xestión da biomasa e na cuota tributaria pon expresamente:

1. Tramitación de expedientes de xestión da biomasa: 100 euros.

(...)

A base impoñible da taxa, segundo di a OF é ou custe estimado dá actividade realizada, integrado polos gastos derivados da intervención do persoal e do material. Debe terse en conta que son centos e centos de denuncias as presentadas ata o punto de ser necesario crear un posto de traballo para auxiliar nestas tarefas, co custo económico que supón para esta administración o ter que crear outro posto de traballo.

Asumir a xestión destes expedientes conleva un enorme gasto para un concello de calquera categoría e mais dun pequeno. Debería ser a Xunta de Galicia quen asumise esa competencia, pero na lei aprobada no ano 2007 encomendoulla aos concellos, a pesar de carecer estes de medios.

Respecto de a legalidade da Ordenanza Fiscal INFORMO:

Esta Ordenanza Fiscal foi aprobada inicialmente en sesión plenaria do 29 de outubro de 2020, e por unanimidade, en concreto estando presentes e votando a favor dela o Sr. alcalde e os seguintes concelleiros e concelleiras D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García; D. Luís Varela Pérez; D^a Pilar Méndez Lombao; D^a María José Martínez Vigo; D^a Tania Díaz Seijas; D. Xosé Ferreiro Fernández; D. Xabier Molinos Campos, e D^a María del Carmen Acacio López.

Posteriormente foi aprobada co mesmo texto de forma definitiva na sesión plenaria do 25 de febreiro de 2021 outra vez por unanimidade.

Foi publicada no BOP de Lugo do 8 de marzo de 2021.

Non cabe dúbida xurídica algunha da legalidade da Ordenanza Fiscal

Rematada a lectura do informe xurídico, a concelleira socialista Carmen Acacio informa de que non vai intervir.





O Sr. Alcalde toma a palabra e di que o BNG actúa con ánimo de mentir. Que cando foi aprobada a lei, mandáronse a todas as parroquias planos para coñecemento dos veciños. Di que deben protexerse as vivendas das plantacións e os veciños teñen que cumprir coas súas obrigas, que coñecen perfectamente. Manifesta o Sr. Alcalde que Outeiro foi sempre por diante neste asunto, pois xa logo de aprobala lei, mandouse a todos os veciños a información precisa.

Dille ao concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro que parece mentira que diga que non se comprobaban as denuncias dos axentes forestais cando se trata de actas de inspección con presunción de veracidade.

Afirma o Sr. Alcalde que non ten previsto derrogar a ordenanza pois prefere protexer as parcelas dos veciños.

Intervén o concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro e di que él si quere que se limpen as fincas pero que nas notificacións de 25 de xaneiro a Ordenanza que consta é a 6 e así está asinado.

O Sr. alcalde lle contesta que xa se sabe aquilo de “difama que algo queda”.

Lémbrale ó Sr. Ferreiro que a Ordenanza foi aprobada por unanimidade da corporación e que si é o PP quen goberna en Outeiro é pola súa seriedade.

Sométese a votación a moción resultando rexeitada por 9 votos en contra do PP, 2 a favor do BNG e 1 abstención do PSOE

MOCIÓN DO PSOE PARA QUE O CONCELLO DE OUTEIRO DE REI ELABORE UN PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	
Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 3, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Da lectura á moción, que se copia, a concelleira socialista Carmen Acacio:

”Moción para que o Concello de Outeiro de Rei elabore un Plan Xeral de Ordenación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Plan de Ordenación Urbanística é, a nivel municipal, o instrumento máis importante de ordenación territorial que existe porque o seu contido engloba a totalidade do municipio. Basicamente todas as cidades e a inmensa maioría de municipios teñen un Plan Xeral de Ordenación Urbana no que se recollen todas as medidas para deseñar, organizar, planificar e ordenar o territorio determinado, que normalmente adoita realizarse a nivel municipal. Trátase dun instrumento básico no que se realiza a planificación do terreo mediante a clasificación do solo, o réxime urbanístico aplicable a cada clase de solo e se recollen os elementos esenciais dos sistemas de equipamentos e servizos municipais. É dicir, emprégase como base legal para a edificación e urbanización dun concello polo que a súa actualización é crucial para o crecemento sostible dun municipio e para poder así promover a calidade de





vida dos veciños e veciñas.

No 2016, aprobouse no Parlamento Autonómico a chamada Lei do Solo de Galicia, que establece que “Os plans xerais de ordenación municipal, que serán formulados polos concellos respectivos, son instrumentos urbanísticos de ordenación integral que abranguerán un ou varios termos municipais completos, clasificarán o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definirán os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.” Como ben afirma esta lei, “...preténdese acadar unha norma reguladora do solo máis obxectiva... que posibilite a protección territorial e un desenvolvemento urbanístico sustentable.”

Actualmente, o Concello de Outeiro de Rei carece de Plan Xeral de Ordenación municipal, o cal está xerando unha serie de problemas tales como:

1. Crecemento desordenado: Expansión urbana sen criterios claros, o que deriva nunha ocupación ineficiente do territorio.
2. Déficit de infraestruturas: Falta de planificación na dotación de servizos básicos (transporte, saneamento, zonas verdes, etc.).
3. Impacto ambiental: Ausencia de directrices claras para a protección da nosa contorna natural e os espazos naturais, como podería ser un catálogo de árbores senlleiras.
4. Inseguridade xurídica: Dificultades para a tramitación de licencias e proxectos urbanísticos, o que afecta tanto aos cidadáns como aos inversores.

Ata o día de hoxe, neste Concello dispoñemos dunhas Normas Subsidiarias, que, fronte a un Plan Xeral Urbanístico, son unha fórmula arcaica e en proceso de extinción xa que posúen un carácter máis normativo que programador. En xeral, considérase que tales Normas representan un urbanismo estático para ordenar municipios con escasa vivacidade socioeconómica e conseguintemente feble organización administrativa.

Está claro que xa hai moitos anos que resulta urxente e necesario dotar ao noso concello dun Plan Xeral de Urbanismo que permita abordar estes desafíos e sentar as bases para un desenvolvemento equilibrado e sostible, e non é esta a primeira vez que esta proposta foi traída a este Órgano pola nosa Agrupación, por ser unha das nosas grandes preocupacións desde hai moito tempo, como así se pode constatar nos nosos Programas electorais municipais. A pesar da súa importancia, unha e outra vez, tales mocións para a creación dese Regulamento tan básico foron rexeitadas sen unha explicación clara de por que se tomaba esa decisión por parte dos diferentes anteriores gobernos do Partido Popular: Non se entende como unha norma autonómica como é a Lei do Solo de Galicia continúa a ser incumplida por este goberno municipal, malia coincidir as opcións políticas coas do goberno autonómico.

Concluimos insistindo en que a elaboración dun Plan Xeral de Urbanismo é unha ferramenta imprescindible para garantir un desenvolvemento ordenado, sostible e equitativo do noso municipio. A súa aprobación non só permitirá resolver os problemas actuais, senón tamén sentar as bases para un futuro próspero e cohesionado. Demostren que teñen proxectado un plan de desenvolvemento para Outeiro de Rei, que non practican unha política de parches urbanísticos e que aprenderon dos erros do pasado vividos nas diferentes construcións de





urbanizacións autorizadas neste Concello e que aínda se están a sufrir, por exemplo, na Urbanización da Palloza.

Por todo o anterior, propoñemos ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Iniciar os trámites para a elaboración dun Plan Xeral de Urbanismo que regule o desenvolvemento urbanístico do municipio de Outeiro de Rei.
2. Crear unha comisión técnica participativa, integrada por representantes municipais, expertos en urbanismo e membros da sociedade civil, para supervisar e contribuír ao proceso de redacción do Plan.
3. Destinar os recursos económicos necesarios nos orzamentos municipais para a contratación de profesionais especializados en urbanismo e a realización dos estudos técnicos requiridos.
4. Garantir a participación cidadá no proceso, mediante a celebración de audiencias públicas, obradoiros e consultas, coa fin de recoller as achegas dos veciños e veciñas.
5. Establecer un prazo máximo para a aprobación definitiva do Plan Xeral de Urbanismo de Outeiro de Rei”.

O concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro manifesta o seu apoio á moción, pois considera o seu grupo necesario o PXOM, por ser xusto e democrático.

O Sr. alcalde di que non é necesario pois temos as NNSS de 1992 que permiten a día de hoxe a este pobo seguir crescendo. Di que municipios como Lugo levan anos intentando adaptarse e iso incluso lles supuxo ter que demoler casas con licencia. Alega o Sr. alcalde que sí hai programación no solo, tanto industrial, urbanizacións, vivendas no rural...

Rerspecto do tema da Palloza, di o alcalde que non se trata dun asunto urbanístico.

A concelleira socialista Carmen Acacio di que ela non ve un crecemento urbanístico en Outeiro ordenado.

O Sr. alcalde defende a liberdade da xente para mercar as parcelas, e que as NNSS do 92 son completas e non se precisa dun PXOM.

Sometida a votación a moción resulta rexeitada por 9 votos en contra (PP), e 3 a favor (“ do BNG e 1 do PSOE)

MOCIÓN DO PP SOBRE DÉFICIT DE MÉDICOS DE ATENCIÓN PRIMARIA	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 10, En contra: 1, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Auséntase a concelleira Tania Seijas do PP

O Sr. alcalde explica o contido da moción, que se copia:

“MOCIÓN DO GRUPO POPULAR DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI SOBRE DÉFICIT MÉDICOS ATENCIÓN PRIMARIA





Exposición de motivos:

A situación da atención primaria está a ser difícil en toda España por un problema de déficit de especialistas en medicina familiar e comunitaria de alcance estatal, o que fai practicamente imposible cubrir as prazas nos casos de xubilacións, baixas ou ausencias.

Dende hai anos sabiamos que esta difícil situación ía chegar, por iso xa en abril do 2018, as comunidades autónomas, xunto co goberno daquela presidido por Mariano Rajoy aprobaron, por unanimidade, nun Consello Interterritorial unha serie de medidas prioritarias para corrixir as carencias que se estaban orixinando.

Sen embargo, aquelas medidas pactadas en abril quedaron sen efecto coa chegada ao goberno de España do PSOE, en xuño de 2018, que postergou e non deu cumprimento ao pactado no Consello Interterritorial, empeorando así, cada ano, a situación da atención primaria.

Foron 4 anos de inacción, e varios ministros, ata que en 2022 o Ministerio de Sanidade presentou ao Consello Interterritorial un informe coordinado pola catedrática Beatriz González López-Valcárcel titulado Informe Oferta-Necesidade de Especialistas Médicos 2021-2035, no cal se marcaba o 2027 como punto de inflexión onde se producirían situacións críticas no Sistema Nacional de Saúde (SNS).

O dito informe sinala a especialidade de medicina familiar e comunitaria como “a especialidade con peores prognósticos de déficit”, identificando como as causas máis determinantes neste problema, a fuxida dos residentes desta especialidade a urxencias e o escaso incremento das prazas MIR debido á rixidez do procedemento de acreditación de prazas formativas por parte do Goberno central. Ademais do aquí sinalado tamén se recomenda adoptar incentivos para prazas de difícil cobertura, que poderían quedar vacantes incluso nun escenario con máis especialidades polo seu pouco atractivo profesional.

Dende este tempo desde o Goberno central, que é quen ten a responsabilidade, pouco se fixo para resolver a situación, máis ben deixouse correr o reloxo. Practicamente todas as medidas que se levaron a cabo nestes anos foron no ámbito competencial das comunidades autónomas, que foron quen de asumir as súas responsabilidades en materia sanitaria sen o apoio do Goberno estatal.

Ata tal punto chegou a situación que comunidades de distinto signo político subscribiron un manifesto impulsado por Galicia (PP) e País Vasco (PNV) onde reclaman ao Goberno de España unha serie de medidas urxentes para solucionar a situación na que se atopa a atención primaria. A este manifesto uníronse nun primeiro momento máis comunidades autónomas, como Cataluña (ERC), Castela e León, Andalucía ou Madrid, entre outras. Actualmente son 13 de 17, as que faltan, casualmente son as gobernadas polo PSOE.





Está claro que esta demanda conxunta é unha realidade que nos afecta a todos independentemente do signo político.

No Debate do Estado da Nación celebrado en xullo de 2022, o contido deste manifesto foi trasladado ao Congreso dos Deputados como resolución, logrando o apoio dunha decena de partidos políticos, tamén de diferente signo, e sendo aprobado.

Dous anos despois dese debate, o pasado ano 2024, volveuse realizar un informe sobre a necesidade de médicos en España por encargo do propio Ministerio de Sanidade, onde se volvían actualizar os datos e se alertaba da situación crítica do Sistema Nacional de Saúde.

Xa van sete anos, seis ministros de sanidade e ningunha vontade política por parte do Goberno central do partido socialista en pór solución a unha problemática que afecta a todo o país e á saúde da xente.

Esta situación é aínda máis preocupante nunha comunidade como a galega, cunha forte dispersión e cunha poboación cada vez máis envellecida e que precisa de máis coidados e asistencia sanitaria.

O goberno da Xunta de Galicia actuou e, facendo uso das súas competencias, elaborou unha lei que a habilitou para convocar prazas consideradas de difícil cobertura mediante concurso de méritos. Unha medida pioneira en España que fai máis atractivas determinadas prazas e que permitiu convocar máis de 350 por esta modalidade, especialmente no noso rural.

A inacción do Goberno central por poñer solucións enriba da mesa que faciliten que haxa facultativos que as comunidades poidan contratar fai que moitos concellos galegos, teñan serias dificultades para cubrir as prazas que quedan vacantes ou as baixas do persoal sanitario.

Xa que logo é urxente que o Goberno de España teña en conta as demandas que hai tempo lle veñen trasladando as distintas comunidades para paliar o déficit de persoal e adopte, sen dilación, cantas medidas sexan precisas para poñer remedio a unha situación que se está agravando ano a ano.

Polo exposto, solicitamos instar ao Goberno de España a:

1. Axilizar o proceso de homologación de títulos dos profesionais sanitarios, mentres non se transfira esta competencia á Galicia.
2. Incorporar de maneira inmediata as novas prazas acreditadas á oferta formativa de especialistas.
3. Modificar o Estatuto Marco para elevar ata os 72 anos da idade máxima para o exercicio da profesión médica.
4. Acelerar a implantación da especialidade de médico de urxencias.





5. Impulsar na liña do que veñen facendo comunidades como Galicia, medidas que permitan incentivar as prazas consideradas como de difícil cobertura para así lograr a súa cobertura.

6. Dar traslado a: - Ministra de Sanidade do Goberno de España.

- Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia”.

O Sr. Alcalde explica que iso é a realidade, xa que as competencias están repartidas entre Xunta e Estado.

Intervén a concelleira nacionalista Elvira Lombao e di que esta moción non aporta solucións, senón que pretende culpabilizar a outros en atención primaria. Di que o goberno coñece a existencia de vacantes con anterioridade e que as prazas MIR foron reducidas. a maiores o SERGAS practica abuso laboral. Di que a Xunta ten competencia en materia en sanidade e que tamén podería abrir mais prazas na Universidade Pública.

Pero anuncian o seu voto a favor.

A concelleira socialista Carmen Acacio di que non ve claros os oxectivos da moción en relación co título da mesma. Informa que os PXE aumentaron considerablemente os gastos en materia de sanidade. Lé a concelleira os datos en materia de temporalidade do SERGAS.

O Sr. alcalde manifesta que tanto PSOE como BNG usan a baza da sanidade pública para terxiversala.

Defende Pardo que é increíble que diga Carmen Acacio que Rajoy mermó os recursos da sanidade. Dille o Sr. Alcalde que Rajoy atopou un país arruinado e lóxicamente non puido aumentar os recursos.

Sométese a votación a moción resultando aprobada por 10 votos a favor (8 do PP e 2 do BNG) e 1 en contra (PSOE).

Expediente 1046/2024. Xulgado de Paz	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 1

Resolución:

Os membros do Pleno da Corporación aproban por 9 votos a favor (8 do BNG + 1 PSOE) e 2 abstencións (do BNG) a seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:





De conformidade có disposto no artigo 101 da Lei orgánica 6/1985, do Poder Xudicial, corresponde ao Pleno dos Concellos a elección do Xuiz de Paz.

O nomeamento do Xuiz de Paz terá una vixencia de catro anos.

En tanto o período de vixencia do nomeamento realizado anteriormente rematoua en novembro de 2024, iniciei o procedemento tendente á selección de Xuiz de Paz titular.

A tal fin, abriuse o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio no BOP de Lugo durante os cales calquer persoa interesada podería presentar perante o Rexistro Xeral do Concello a súa candidatura ao posto de Xuiz de Paz acompañada dun currículo vitae expresivo da súa traxectoria profesional e académica.

Os candidatos deberán ter a nacionalidade española, seren maiores de idade, non acadar a idade legal e xubilación forzosa e non atoparse incursos nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que establece a Lei.

A proposta de elección realizarase polo Alcalde e estará xustificada nos méritos académicos e profesionais alegados, e será elevada ao Pleno da Corporación para a súa aprobación por maioría absoluta.

Así, publicado o anuncio no BOP de Lugo de 7 de outubro de 2024 quedou deserta a convocatoria por non terse presentado en prazo ningunha instancia

Resultando que faise imprescindible a cobertura do posto, declarei deserta a primeira convocatoria e acordei remitir as bases novamente ao BOP de Lugo para unha segunda convocatoria e proceder, se é posible, a súa cobertura.

Publicado novamente no BOP de Lugo o 18 de xaneiro de 2025, no prazo de quince días hábiles unicamente presentou a instancia JESÚS DOSITEO PIÑEIRO LÓPEZ con DNI 33309687Y, quen ejerce o posto de xuiz de paz titular dende o 18 de abril de 2002, o cal o capacita perfectamente para o seu desempeño.

Con base no anterior PROPOÑO aos membros do Pleno, previo ditame da Comisión de asuntos do Pleno celebrada o día 24 de febreiro de 2025, que aproben o seguinte:

1º.- Nomear como Xuiz de paz titular do Concello de Outeiro de Rei a D. Jesús Dositeo Piñeiro López con DNI 33309687Y

2º.- Comunicar este acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica

O alcalde”





Non hai debate

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

TOMA DE COÑECIMENTO POR PARTE DO PLENO DO ESCRITO DE RENUNCIA DO CONCELLEIRO NACIONALISTA XOSÉ FERREIRO FERNÁNDEZ

Os membros da Corporación toñan coñecemento do escrito presentado polo concelleiro do BNG Xosé Ferreiro, que lé a Secretaria:

“1. Que fun elixido concelleiro no concello de Outeiro de Rei pola organización polica do BNG nas últimas eleccións municipais celebradas no ano 2023.

2. Que na actualidade sigo a ser membro da Corporación Municipal do citado concello de Outeiro de Rei, sendo ademais o Voceiro do Grupo Municipal do BNG.

3. Que por motivos exclusivamente persoais é a miña intención renunciar a ese posto de concelleiro e que sexa substituído pola persoa que corresponda segundo a normativa vixente.

4. Que tamén é a miña intención seguir a desempeñar estas funcións de concelleiro ata que o Pleno acepte esta renuncia.

Por todo o anterior,

SOLICITO:

- Que se acepte esta renuncia por parte do Pleno da Corporación, facendo as xesóns necesarias para que este trámite se produza no seguinte Pleno Ordinaria que se celebre.

- Que, unha vez feito o anterior, se levan a cabo os trámites oportunos para que poida ser substituído tamén na maior brevidade posible pola persoa que corresponda segunda a normativa vixente”.

Di o concelleiro nacionalista que se vai contento, que foi unha moi boa experiencia.

O Sr. Alcalde dalle as gracias pola súa labor de concelleiro.

O Sr. Ferreiro levántase e procede a tomar asento no público.

Pregunta o Sr Alcalde se hai algún asunto antes dos rogos e preguntas.

Non hai.

C) ROGOS E PREGUNTAS





Rogo porta medieval

ROGO do BNG ao que da lectura á Secretaría:

RELATIVO AO ACCESO, POR PARTE DXS CONCELLEIRXS DESTE GRUPO MUNICIPAL Á PORTA MEDIEVAL E Á FONTE SITAS NA VILA DE OUTEIRO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa en varias ocasións ten solicitado este Grupo acceso tanto á fonte que ficara sita no centro da Vila de Outeiro, como á porta medieval que formaba parte do edificio onde hoxe se sitúa a primeira fase do centro de día.

Este Grupo solicitou acceso en data de 11 de xuño, 28 de agosto e 12 de decembro. A ese último escrito de acceso o Concello nin sequera deu resposta, malia a obriga legal de dar resposta no prazo de cinco días naturais dende a presentación.

No mesmo día que rexistramos este rogo, facemos un xa 4º exercicio de acceso, que sospeitamos correrá a mesma sorte que os previos.

Este Pleno será, canto menos, o terceiro onde solicitamos información da fonte e da porta, xunto cos de xuño e setembro de 2024.

Con este rogo, será pois polo menos a oitava ocasión na que solicitamos que se nos permita acceso aos dous elementos patrimoniais, sendo que o Concello se nega sequera a dar a mínima explicación sobre o seu lugar de almacenaxe, e sobre as súas circunstancias.

Este Concello mentiu directa e frontalmente a este Grupo Municipal, ademais, con respecto a esta materia. Indicou en Pleno que o lugar de almacenaxe era un lugar sen condicións mínimas de seguridade, e que requiría que persoal do Concello acompañase a estxs concelleirxs no acceso, cando o informe da Arquitecta Municipal de sinatura de 1 de maio de 2022, afirmaba que as canterías do Centro de Día ficaban simplemente apiadas no chan da vila.

Non parece este, en modo algún, un lugar inseguro, non sendo pola cantidade de silvas e ortigas que teñen crecido no lugar e que, sen dúbida, están deteriorando calquera elemento que puidese ficar debaixo delas.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese consideración polo Pleno deste concello este ROGO, propoñendo a adopción do seguinte

ACORDO:





Instar ao equipo de Goberno a que o Concello de Outeiro de Rei permita, de xeito inmediato ao Grupo Municipal do BNG de Outeiro de Rei, acceso tanto á fonte que estivo sita no centro da Vila como aos elementos de canteiría da porta medieval que en tempos formara parte do que hoxe é o Centro de Día.

O Sr. alcalde di que queda escoitado

RELATIVO AO RECOÑECIMENTO, CUNHA RÚA NO CONCELLO, AOS IRMÁNS DÍAZ HORTAS (ROGO DO BNG)

Os irmáns Aurelio e Victorino Díaz Hortas foron dous veciños de Outeiro de Rei (con vínculos na Parroquia de San Salvador de Mosteiro) que fuxiron de España a fins dos anos 30 e que viviron os horrores dos campos de concentración nazis, de feito Victorino morreu aos poucos meses de pisar o de Mauthausen, en Austria. Aurelio, porén, sobreviviu e foi liberado en 1945 e, sen apenas contar nada de todo o que sufriu, viviu ata os 101 anos¹.

As súas historias foron recuperadas pola Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica (ARMH), asociación que colocará unha Stolpersteine (pedra da memoria) no noso concello²; as Stolpersteine son unha iniciativa para recordar ás vítimas do Holocausto levada a cabo polo artista alemán Gunter Demig. Ata o momento hai máis de 100.006 repartidas por Europa e de momento, en Galiza, só na Coruña é posíbel tropezar con esta memoria pola rúa.

Aos irmáns Díaz Hortas a vitoria franquista na Guerra Civil empuxounos a exiliarse a Francia, onde por orde do goberno francés, tras ao acordo que Franco asinou con Pétain e Hitler para dalos como apátridas, foron confinados en campos de acollida. Tras estalar a II Guerra mundial caeron prisioneiros das forzas alemás que invadiron Francia e foron encerrados en "stalags" (campos de prisioneiros de guerra) para pasar despois ao campo de concentración de Mauthausen.

E como consideramos que non é xusto que nunha sociedade democrática non se recoñeza oficialmente a loita e sufrimento das vítimas do fascismo, por obriga ética e política facemos o seguinte rogo, no sentido de lles adicar unha rúa na nosa Vila; sobre todo resaltando que no Concello de Outeiro de Rei existen varias rúas que levan como nome unha letra do alfabeto ou un simple número.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese á consideración polo Pleno deste Concello este ROGO, propoñendo a adopción do seguinte

ACORDO:

-Que a algunha das rúas do Concello se lle dea o nome destes dous irmáns, Aurelio e Victorino Díaz Hortas, naturais de Outeiro de Rei e que loitaron contra o franquismo e o





nazismo, saldando así unha débeda que en pleno século XXI non debera existir.

Di o Sr. Alcalde que queda escoitado

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

